

Resolución pola que se emprazan as partes interesadas no Procedemento Abreviado (PA) núm. 62/2026 interposto por Daniel Ríos Suárez

Na praza núm. 1 da Sección do Contencioso Administrativo do Tribunal de Instancia da Coruña tramítase o recurso contencioso administrativo correspondente ao PA núm. 62/2026 interposto por Daniel Ríos Suárez fronte a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición do 11.12.2025 contra o acordo da Vicerreitoría de Profesorado do 29.10.2025 que desestimou a reclamación presentada polo Sr. Ríos Suárez contra a puntuación provisional relativa á experiencia profesional e proposta provisional de asignación da praza 25/9003.

Notifícase isto para coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer na praza núm. 1 da Sección do Contencioso Administrativo do Tribunal de Instancia da Coruña no prazo de nove días, que conta a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A Coruña, na data da sinatura dixital

A vicerreitora de Profesorado